

1.- En xunta de goberno local acordouse aprobar as bases que rexen proceso selectivo como persoal laboral temporal dun/ ha traballador/a social no marco do programa DEPUEMPREGO.

2.- O 27/09/2017 con RE 13485 tivo entrada neste concello escrito de dona Estela Sánchez Rodríguez no que esta solicita a revisión das bases da mencionada convocatoria pois segan esta no punto 8 dedicado o proceso selectivo non se establece a puntuación total da fase de oposición pois no referente ó segundo exercicio non se indica a puntuación máxima nin a mínima a obter para superalo.

3.- Logo de recibir o escrito mencionado no artigo anterior e revisadas as bases aprobadas apreciose que se producira un error de transcripción no apartado relativo ó segundo exercicio da fase de oposición.

Pois onde di:

"b) Segundo exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistirá no desenvolvemento por escrito dun caso práctico , durante un tempo máximo dunha hora, relacionado co temario específico das presentes bases que figura ó final das mesmas. Este exercicio deberá ser lido ante o tribunal en sesión pública.

Rematada a exposición do aspirante o tribunal poderá formularlle preguntas relacionadas co contido do mesmo.

Neste exercicio valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión."

Debería dicir:

"b) Segundo exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistirá no desenvolvemento por escrito dun caso práctico , durante un tempo máximo dunha hora, relacionado co temario específico das presentes bases que figura ó final das mesmas. Este exercicio deberá ser lido ante o tribunal en sesión pública.

Rematada a exposición do aspirante o tribunal poderá formularlle preguntas relacionadas co contido do mesmo.

Neste exercicio valorárase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

O exercicio valorarase cun máximo de tres puntos, para superalo debese obter un mínimo 1,5 puntos. Corresponde ó tribunal determinar á vista do exercicio proposto tanto o contido mínimo como o numero de respostas correctas necesarios para superala proba "

4.- En Xunta de goberno Local de data 2 de outubro de 2017 acordouse proceder á corrección de error indicada e inserir nota informativa na páxina web onde se fagan constar as incidencias acaecidas e colgaranse tanto alí como no taboleiro de anuncios do concello as bases coa corrección de erros practicada, e o informe que sustenta tal acordo.